

ANUNCIO

TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE ARQUITECTO/A DE RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS AO RESULTADO PROVISIONAL E PUBLICACIÓN DA PUNTUACIÓN DEFINITIVA DA FASE CONCURSO

O 23/05/2024, ás 11.14 h, réunese por vídeo conferencia o Tribunal cualificador do proceso de estabilización Lei 20/2021 para resolver as alegacións presentadas á puntuación provisional de 2 prazas de Arquitecto/a (38), e acordar a puntuación definitiva da fase concurso, segundo a acta que se transcribe literalmente de seguido:

“ACTA SESIÓN NÚMERO 2 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN LEI 20/2021 PARA DÚAS PRAZA DE ARQUITECTO/A (C38)

Na Casa do Concello de Rianxo, sendo as 11.14 horas do día 23 de maio de 2024, réunese o Tribunal cualificador que avaliará o proceso de estabilización da Lei 20/2021 de dúas prazas de arquitecto/a (Ref. C38).

Preside a sesión Patricia Fernández Pérez, Interventora do Concello de Rianxo, e asisten como vogais os seguintes:

- 1º vogal: Dalmiro Núñez Méndez, funcionario do Concello de Boqueixón. (asiste por videoconferencia)
- 2º vogal: José Martínez Redondo, funcionario do Concello de Lousame (asiste por videoconferencia)
- 3º vogal: María Paz Vidal, persoal laboral fixo do Concello de Ribeira (asiste por videoconferencia)
- Secretaria: Vanessa Reboredo Fraga, funcionaria do Concello de Rianxo.

A presidenta declara constituído o tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

1. O Concello de Rianxo publicou no BOP núm. 246, do 29/12/2022, a aprobación das bases xerais e específicas de estabilización Lei 20/2021, aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 1.029/2022, do 28/12/2022, que incluían dúas prazas de arquitecto/a.
2. O Concello de Rianxo publicou no BOE núm.313, do 30/12/2022, a convocatoria para prover ditas prazas.
3. O prazo para a presentación das instancias para participar no dito proceso foi de 20 días naturais, segundo o establecido no punto 3 da base sexta das bases; así, o día 19/01/2023 rematou o prazo de presentación de instancias.

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 591.314 exp. 2022/E001/000019

4. O día 02/05/2023 publicouse no BOP núm. 82 a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas para tomar parte no proceso selectivo na que se establecía un prazo de 10 días hábiles (R.A. número 386/2023 do 20/04/2023) para a súa emenda.
5. O día 13/06/2023 publicouse no BOP núm. 111 a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas (R.A. número 572/2023 do 06/06/2023).
6. O 11/03/2024, mediante a Resolución da Alcaldía núm. 232/2024, o alcalde nomeou ao tribunal cualificador que se vai encargar do proceso de selección do persoal no proceso de estabilización da Lei 20/2021 para dúas praza de arquitecto/a (C38). (BOP núm. 55 do 18/03/2024)
7. O 18/03/2024 no BOP núm. 55, anunciouse a sesión constitutiva do tribunal cualificador encargada do proceso, fixada pola Resolución da Alcaldía núm. 232/2024, do 11/03/2024, tendo lugar a mesma o 24/04/2024 ás 10.30 h na Casa do Concello.
8. O 24/04/2024 os membros do tribunal reúnen para proceder a valorar os méritos presentados polos aspirantes e debidamente acreditados, de conformidade co disposto no punto 9.6, Méritos a valorar, tanto no relativo á experiencia profesional, como á formación específica, resultando a valoración que se establece a continuación, e cuxo anuncio foi publicado na sede electrónica do Concello de Rianxo, en data 26/04/2024,

DNI, Apelidos e nome	Experiencia profesional					Formación específica (Máximo 10 puntos)	Puntuación total
	Mérito 1.a	Mérito 1.b	Mérito 1.c	Mérito 1.d	Total Experiencia profesional	Total puntos formación específica	
***3765** Fernández Coto, Carlos Henrique	118,50	0,00	0,00	0,00	90,00	10,00	100,00
***7525** Piñeiro Esperante, Ana Isabel	108,00	0,00	0,00	0,00	90,00	10,00	100,00
***1187** Cornide Petronio, Guadalupe	0,00	0,00	0,00	0,00	61,95	10,00	71,95
***6246** Macía Rodríguez, María	0,00	60,55	0,00	0,00	60,55	10,00	70,55
***3127** García Fernández, María Aixa	0,00	32,20	0,00	0,00	32,20	10,00	42,20
***1889** Reguera Seoane, Miguel	0,00	3,50	0,00	0,00	3,50	7,80	11,30
***1239** Couceiro López, Xosé Manuel	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	10,00
***2271** López Carreira, Patricia	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	10,00
***1006** Hermida Rodríguez, Manuel	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	10,00
***1860** González Blanco, María Isabel	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	10,00

***6718** Bastos González, Juan Carlos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	10,00
***7661** Vigo Casallar, María	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	10,00
***0711** Iglesias Rodríguez, Cristián	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	10,00

9. Finalizado o trámite de alegacións, incorpórase ao expediente certificado de secretaría, onde consta que no prazo habilitado ao efecto se presentaron alegacións contra o baremo provisional de méritos por Dna. Patricia López Carreira e por Don Xosé Manuel Couceiro López,

10. Visto o escrito presentado en data 03/05/2024, con número de rexistro de entrada 202499900001006 , por Dona Patricia López Carreira, onde se expón o seguinte:

"... aporto la siguiente documentación de cara a completar la acreditación de los méritos alegados:

04_01 Resolución nombramiento_Concello de Pontevedra

04_02 Contrato Concello Pontevedra

04_03 Sentencia 164-2022 JS 1 Pontevedra (not 6-6-2022)- Declara caracter indef no fijo

05_01 Consellería de Cultura_Toma de posesión

05_02 Consellería de Cultura_Cese

07_01 Consellería de Vicepresidencia_Toma de posesión

07_02 Consellería de Vicepresidencia_Cese

08_01 Concello de Tomiño_Decreto Alcadía contrato

08_02 Concello de Tomiño_Contrato

08_03 Concello de Tomiño_Decreto Alcadía cese

Solicito que se admita la subsanación de los méritos alegados, ya que fueron acreditados y justificados documentalmente en el plazo establecido en las bases de la convocatoria, aunque esa justificación debiera ser subsanada posteriormente en aspectos meramente formales, tal y como establece el artículo 68 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas y las propias bases de la convocatoria y se computen a efectos de valoración de mi experiencia profesional"

11. Revisada a documentación presentada pola aspirante Dna. Patricia López Carreira no prazo de presentación de instancias para o proceso de estabilización de 2 prazas de arquitecto/a, en data 19/01/2023, con número de rexistro de entrada 202399900000308, obsérvase que xunto coa instancia achegou respecto da documentación referida aos méritos por experiencia profesional, a seguinte documentación:

- Vida laboral
- Certificado de servizos prestados do Concello de Pontevedra
- Certificado de servizos prestados do Concello de Tomiño
- Certificado de servizos prestados da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
- Certificado de servizos prestados da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social

12. Visto o escrito presentado en data 03/05/2024, con número de rexistro de entrada 202499900001009, por Don Xosé Manuel Couceiro López, onde se expón o seguinte:

"...Á vista do anuncio do resultado provisional do proceso de estabilización da praza de arquitecto/a, publicado o 26.4.2024, do que resulta unha puntuación aos méritos que foron acreditados no momento da solicitude, formulo alegación, en tempo e forma, contra a referida puntuación provisional do tribunal de selección do concurso do proceso de arquitecto/a (c38) do Concello de Rianxo, xunto co escrito que acompaña a presente solicitude, SOLICITA a corrección da referida puntuación segundo a valoración dos 13,65 puntos que pola experiencia profesional que acreditei..."

13. Revisada a documentación presentada polo aspirante Don Xosé Manuel Couceiro López, no prazo de presentación de instancias para o proceso de estabilización de 2 prazas de arquitecto/a, en data 18/01/2023, con número de rexistro de entrada 202399900000233, obsérvase que xunto coa instancia achegou respecto da documentación referida aos méritos por experiencia profesional, a seguinte documentación:

- Vida laboral
- Certificado do Concello de Santiago

14. Visto o establecido no artigo 9.6 das Bases xerais e específicas de estabilización Lei 20/2021 publicadas no BOP número 246 de 29/12/2022, onde se establece con respecto aos méritos a valorar o seguinte tenor literal:

"...Mérito 1. Experiencia profesional. Ata un máximo de 90 puntos.

Mérito polo que as persoas aspirantes poderán obter, como máximo, o noventa por cento (90%) da puntuación total máxima alcanzable no concurso e, polo tanto, unha puntuación máxima de 90 puntos; e que se valorará consonte aos criterios e baremo sinalados a continuación:

a) Por servizos prestados como persoal temporal do Concello de Rianxo en praza, posto e categoría idénticas ou equi- valentes á vacante convocada e á que se pretende acceder: a razón de 0,75 puntos por cada mes de servizos prestados.

b) Por servizos prestados como persoal temporal doutra Administración Pública (distinta do Concello de Rianxo) en praza, posto e categoría idénticas ou equivalentes á vacante convocada e á que se pretende acceder: a razón de 0,35 puntos por cada mes de servizos prestados.

c) Por servizos prestados como persoal temporal do Concello de Rianxo en praza, posto e categoría diferentes á vacante convocada e á que se pretende acceder: a razón de 0,25 puntos por cada mes de servizos prestados

d) Por servizos prestados como persoal temporal do Concello de Rianxo ou de calquera outra Administración Pública en praza, posto e categoría diferentes á vacante convocada e á que se pretende acceder: a razón de 0,05 puntos por cada mes de servizos prestados

Aos efectos da acreditación e valoración deste mérito, segundo os baremos anteditos, aplicaranse as normas e criterios indicados no ANEXO I das presentes bases..."

Visto o establecido no punto 8º do Anexo I “Aos efectos de acreditación, consideración e valoración dos servizos prestados alegados polas persoas aspirantes, en relación co mérito “experiencia profesional” de ditas Bases, no referido á acreditación dos servizos prestados en Administracións diferentes ao Concello de Rianxo, que teñan sido alegados polas persoas aspirantes, e cuxa valoración pretendan, indícase que:

“... Nos restantes supostos, os servizos prestados alegados deberanse acreditar mediante a achega de certificación emitida/expedida polo funcionario ou órgano competente da entidade correspondente; e na que, para que ditos servizos poidan ser valorados, deberá constar cando menos e de forma clara e inequívoca...”

E xunto coa antedita certificación deberase achegar tamén, e de forma obrigatoria, a seguinte documentación xustificativa:

- ***No caso de servizos prestados en réxime laboral, contrato de traballo xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida polo órgano/autoridade competente da seguridade social.***
- ***No caso de servizos prestados como persoal funcionario, resolución de nomeamento e/ou a toma de posesión xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida polo órgano/autoridade competente da seguridade social.***

Nos supostos en que á vista da documentación achegada polos aspirantes puideran existir dúbidas sobre a identidade ou equivalencia coa vacante convocada das prazas, postos ou categorías respecto das que se aleguen os servizos prestados, os Tribunais poderán requirir, previo acordo ao respecto, a achega da documentación complementaria que estime necesaria.

En todo caso, non se terán en conta outras formas de acreditación da experiencia profesional diferentes das anteditas e no seu caso previstas nas respectivas bases.”

15. Visto que de conformidade co establecido no punto 8º do Anexo I “Aos efectos de acreditación, consideración e valoración dos servizos prestados alegados polas persoas aspirantes, en relación co mérito “experiencia profesional” das Bases Bases xerais e específicas de estabilización Lei 20/2021 publicadas no BOP número 246 de 29/12/2022, os aspirantes Dna. Patricia López Carreira e Don Xosé Manuel Couceiro López, non acreditan debidamente os servizos prestados noutras administracións, pois non aportan os contratos de traballo e/ou resolución de nomeamento e/ou a toma de posesión,

14. Visto que as bases unicamente establecen a posibilidade de que o Tribunal formule requirimento cando puideran existir dúbidas sobre a identidade ou equivalencia coa vacante convocada das prazas, postos ou categorías respecto das que se aleguen os servizos prestados,

Á vista de todo o exposto, o tribunal **ACORDA:**

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas por Dna. Patricia López Carreira e Don Xosé Manuel Couceiro no referido aos méritos por servizos prestados noutras Administracións

Públicas ao non estar ditos méritos debidamente acreditados, de conformidade co establecido no apartado 8º do Anexo I “Aos efectos de acreditación, consideración e valoración dos servizos prestados alegados polas persoas aspirantes, en relación co mérito “experiencia profesional” das Bases Bases xerais e específicas de estabilización Lei 20/2021 publicadas no BOP número 246 de 29/12/2022.

Segundo.- Declarar que ten superado o proceso selectivo o/a aspirante que a continuación se relaciona, e propor á Alcaldía para que sexa seleccionado para a cobertura en propiedade de 2 prazas de arquitecto/a C38) e adquira a condición de persoal laboral fixo ao servizo do Concello, por ter acadado a maior puntuación:

DNI, Nome e apelido	Puntuación total
***3765** Fernández Coto, Carlos Henrique	100,00
***7525** Piñeiro Esperante, Ana Isabel	100,00

Tal e como establece a Base Décimo Segunda, os/as candidatos/as finalista/s proposto/s polo tribunal para ocupar as prazas convocadas deberá/n achegar, **no prazo de vinte días hábiles**, contados a partir do seguinte da publicación da proposta do tribunal, os documentos acreditativos dos requisitos esixidos para cubrir as prazas convocadas, que son os que figuran no Anexo I das Bases Específicas que rexen cada un dos procesos. A falta de presentación en prazo da documentación esixida será equivalente á renuncia e desistencia dos dereitos inherentes.

Terceiro.- Establecer a relación/listaxe complementaria integrada polas seguintes persoas aspirantes non propostas para a cobertura da praza en propiedade, e pola orde descendente da puntuación final acadada no proceso, unha vez procedido ao desempate segundo o establecido nas bases xerais:

Núm. orde	DNI, Apelidos e Nome	Total
1	***1187** Cornide Petronio, Guadalupe	71,95
2	***6246** Macía Rodríguez, María	70,55
3	***3127** García Fernández, María Aixa	42,20
4	***1889** Reguera Seoane, Miguel	11,30
5	***1239** Couceiro López, Xosé Manuel	10,00
6	***2271** López Carreira, Patricia	10,00
7	***1006** Hermida Rodríguez, Manuel	10,00
8	***1860** González Blanco, María Isabel	10,00

9	***6718** Bastos González, Juan Carlos	10,00
10	***7661** Vigo Casallar, María	10,00
11	***0711** Iglesias Rodríguez, Cristián	10,00

A Presidencia remata a sesión ás 9.10 h, da que se estende esta acta, que será asinada pola presidenta do tribunal e da que eu, como secretaria, dou fe.”

De conformidade co establecido no apartado 12.1.2 das Bases xerais reguladoras dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal do Concello de Rianxo, publícase o presente anuncio co resultado definitivo das 2 prazas convocadas de arquitecto/a (C38), aos efectos oportunos.

Rianxo, na data de sinatura dixital

A secretaria do Tribunal, Vanessa Reboredo Fraga